



LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO:

Area Carracedo, Iván
 Cabeza Pereiro, M^a Carmen
 Cidrás Pidre, José
 Gago Rodríguez, Alberto
 Gálvez Gálvez, Juan Francisco
 García Mateo, M^a Del Carmen
 García Pino, Antonio
 González Pillado, Esther M^a
 Hernández Sánchez, Jesús
 Membiela Iglesia, Pedro
 Montero Muñoz, María
 Reigosa Roger, Manuel Joaquín
 Sánchez Bermúdez, Ángel Manuel

DECANOS/DIRECTORES:

Cid Fernández, Xose Manuel
 Cruces Colado, Susana
 Garrido Valenzuela, Irene
 González Piñeiro, Luis
 Mejuto Fernández, Juan Carlos
 Muñoz López, Luis
 Ortiz Torres, Luis
 Pena Rodríguez, Alberto
 Pereira Domínguez, Alejandro
 Pérez Losada, Fermín E.
 Pousada Carballo, José María
 Rodríguez Fuentes, Gustavo
 Vidal Vázquez, Ricardo
 Vivas Martínez, Carlos

PDI-A:

Barcia Rodríguez, Ignacio
 Blanco Pesqueira, Antonia
 Domínguez Martín, Jorge
 Garriga Domínguez, Ana
 González Vázquez, Encarnación
 Legido Soto, José Luis
 Ramos Cabrer, Manuel
 Rodríguez Berrocal, Francisco Javier

PDI-B:

Diéguez Castrillón, M^a Isabel
 Rodeiro Iglesias, Javier

ESTUDANTES:

Méndez Franco, Óscar
 Santoalla Rodríguez, Álvaro Hugo

PAS:

Mollinedo Lois, Carlos
 Torres Vázquez, Luis

CONSELLO SOCIAL:

DESCULPA ASISTENCIA:

Bernal Gómez, Rosa
 Fariñas Valiña, Iago
 Martínez Ínsua, Ana Elina

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 23 de xaneiro de dous mil sete, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e as 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da Reitoría

O martes, día 23 de xaneiro de 2007, ás 10:05 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede da acta da sesión ordinaria do día 13 de decembro de 2006.
2. Informe do Reitor.
3. Presentación das liñas básicas do Plan Estratéxico da Universidade de Vigo.
4. Aprobación, se procede, da proposta de premios extraordinarios de fin de carreira.
5. Aprobación, se procede, da proposta de premios extraordinarios de doutoramento.
6. Aprobación, se procede, de comisións de servizo.
7. Aprobación, se procede, da proposta do plan de desgravacións docentes no POD.
8. Resolución do recurso de alzada contra a non admisión a trámite da solicitude de avaliación curricular presentada polo alumno da E.U. de Estudos Empresariais D. Ramón González Sanz, na materia Matemáticas (306 011 106).
9. Corrección de erros en documento orzamentario.
10. Proposta de modificacións puntuais da RPT do PAS funcionario.
11. Aprobación, se procede, do acordo adoptado coa Xunta de PAS funcionario o pasado día 21 de decembro de 2006 en materia de produtividade, calidade e mellora dos servizos universitarios.
12. Aprobación, se procede, da convocatoria de axudas de Extensión Universitaria para o ano 2007.
13. Aprobación, se procede, do Regulamento disciplinario sobre participación en competicións externas.
14. Aprobación, se procede, do Regulamento para a seleccións de deportistas e equipos representativos da Universidade de Vigo en competicións universitarias.
15. Toma de acordo ante o recurso de alzada presentado por D. Horacio Villar Suárez contra o acordo da Xunta Electoral da Facultade de CC da Educación e do Deporte de data 28-11-06.

- 16.** Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as Universidades galegas para o desenvolvemento das infraestruturas científico-tenolóxicas e servizos xerais de apoio á investigación – de colaboración coa Consellería de Educación e as Universidades galegas, para a adaptación ao EEES – Addenda ao convenio de colaboración coa Xunta de Galicia, o CESGA e as Universidades galegas, para a renovación do convenio de creación do Consorcio de bibliotecas Universitarias de Galicia – Acordo de Colaboración coa Consellería de Innovación e Industria e as Universidades galegas, para o reparto do fondo de apoio á investigación do exercicio 2006 – de colaboración coas Universidades galegas, a Fundación de los Ferrocarriles Españoles, o Concello de Monforte de Lemos, RENFE-Operadora e AMAFER – Acordo de financiamento dos complementos retributivos autonómicos de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora, e de recoñecemento polos cargos de xestión – Acordo de colaboración coas Universidade de Alicante, Girona, Oviedo, Illes Balears, La Laguna, Sevilla, Zaragoza, Rovira i Virgili, Santiago de Compostela, A Coruña, Barcelona, Alcalá e Málaga.
- 17.** Eleccións para cubrir as seguintes vacantes en Comisións Delegadas do Consello de Goberno: Planificación e Asuntos Económicos (1 PDI-A), Organización Académica e Profesorado (1 PDI-A) e Investigación (1 estudante).
- 18.** Rogos e preguntas.

Punto 1.- Lectura e aprobación, se procede da acta da sesión ordinaria do día 13 de decembro de 2006.

Apróbase por asentimento.

Punto 2.- Informe do Reitor.

Dentro no seu informe, en primeiro lugar, dá a benvida a dous novos membros deste Consello de Goberno:

- D. Alberto Pena Rodríguez
- D. Fermín Pérez Losada

Os dous foron elixidos polo Claustro Universitario en representación do Sector de Decanos e Directores.

En segundo lugar, informa dalgúns nomeamentos que o equipo de goberno ten realizado ou pensa propoñer nos vindeiros días para cargos xa creados na estrutura actual da Universidade:

- Comisionado do Departamento Técnico de obras, instalacións e infraestruturas: D. Daniel de la Torre, profesor da Área de Mecánica de Fluídos da ETS de Enxeñeiros Industriais, de Vigo.

- Delegada do Reitor na CIUGA: Dona M^a Isabel Diéguez Castrillón, profesora da Área de Organización de Empresas na Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo, de Ourense.

- Director da Área de Comunicación: D. Jesús Pérez Seoane, profesor da Área de Comunicación Audiovisual e Publicidade da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, de Pontevedra.

- Director de Área de Imaxe: D. Fernando Suárez Cabeza, profesor da Área de Debuxo da Facultade de Belas Artes, de Pontevedra.

En terceiro lugar, pon en coñecemento de todos que a LOU entrou xa na última fase da súa tramitación parlamentaria. O Proxecto de Lei foi informado en Comisión Parlamentaria e axiña pasará a debate polo Pleno do Senado. Respecto dos contidos, non hai grandes novidades, confirmándose o que lles foi anticipando ós membros do Consello de Goberno nestes últimos meses respecto dos seguintes asuntos:

- Nova estrutura de títulos: Grao, Posgrao e Doutoramento.
- Os novos títulos de Grao terán todos unha composición uniforme de 240 créditos.
- Os novos títulos de posgrao terán unha composición variable entre 60 e 120 créditos e poderán dar acceso ao Doutoramento.
- Créase un Rexistro Central de Universidades, Centros e Titulacións, sen Catálogo Previo para estas últimas.
- Substitúese o proceso de Habilitación para o PDI por un novo procedemento centralizado de Acreditación, sen límite cuantitativo de prazas, nin presenza física.
- Os concursos entre acreditados que promovan as Universidades valorarán o historial académico, docente e investigador, así como o proxecto docente dos candidatos, e deberán contrastar en todo caso as súas capacidades para a exposición e o debate na correspondente materia ou especialidade en sesión pública.
- Inclúese a denominada “Excedencia Tecnolóxica” por 5 anos con reserva de praza.
- E mantéñense outras modificacións previas, como a das fórmulas alternativas para a elección de Reitor, a incorporación dos denominados “Centros Mixtos de Investigación”, ou a separación entre a “Conferencia General de Política Universitaria” e o “Consejo de Universidades”, entre outras.

Por último, informa tamén da recente presentación como “Documento de Traballo” da proposta de “Directrices Xerais para a Elaboración de Títulos Universitarios de Grao e Máster”. O documento está colgado desde fai uns días na páxina web. Como aspectos máis salientables, débense mencionar as seguintes directrices :

- Os 240 créditos dos novos títulos de grao serán definidos coa nova equivalencia de créditos ECTS.
- Establécese un calendario para a implantación dos novos títulos de grao que comeza no curso 2008-2009 e finaliza no curso 2010-2011. Temos este curso e dous máis para facer esta adaptación. Isto significa que os primeiros graos poderán poñerse en vigor en outubro de 2008, se é que están acreditados, e que no inicio do curso 2010-2011 deixarán de ofertarse prazas novas do 1º curso dos títulos antigos.

- En todos os graos haberá 60 créditos como mínimo reservados para materias básicas dun ou varios ámbitos de coñecemento. Destes créditos, polo menos o 60% (36 créditos) serán asignados a materias que figurarán nun Anexo que publicará o MEC para cada ámbito. Estes 36 créditos deberán ser incluídos nos dous primeiros cursos académicos e ser adaptados a cada titulación.

- Todos os novos planos de estudo deberán incluír entre 30 e 60 créditos ECTS de materias optativas, cunha oferta mínima do dobre e máxima do triplo.

- Os novos planos de estudo poderán programar prácticas externas obrigatorias ou optativas, cunha extensión máxima de 60 créditos ECTS e sempre nos dous últimos cursos académicos.

- Todos os novos planos de estudo incluírán un “Traballo de Fin de Grao” que terán unha extensión mínima de 6 e máxima de 30 créditos ECTS.

- O deseño dun novo plano de estudos debe permitir que poida ser cursado no tempo previsto pola maioría dos estudantes a tempo completo. Este ratio, denominado de “Viabilidade Académica”, será un criterio clave para a aprobación dos títulos e, de forma máis xeral, tamén para a avaliación dos centros e das universidades.

Hai previstas para o vindeiro mes dúas xuntanzas da CRUE e do Consejo de Coordinación Universitaria, nas que supón que se fará unha primeira avaliación destas propostas. Informarase destas e doutras novidades que se produzan sobre estes temas.

Ó final do informe do Reitor, ás 10:15 o Consello de Goberno interrompe a sesión pola irrupción no local dos representantes do PAS laboral coa súa protesta ante a falta de convenio colectivo.

Reanúdase a sesión ás 11:15.

Punto 3.- Presentación das liñas básicas do Plan Estratéxico da Universidade de Vigo.

Cédese a palabra ó Comisionado de Plans Estratéxicos quen expón as liñas xerais do Plan Estratéxico da Universidade de Vigo recollido no **anexo 1**.

Rematada a súa exposición, ábrese unha quenda de intervencións.

O Prof. Legido agradece a exposición deste plan estratéxico, destacando a necesidade do mesmo, pero critica que se teña feito tan tarde porque as decisións teñen que adoptarse tendo en conta un plan que teña a vista posta no futuro da institución, porque as veces a toma de decisións nos ven dende fóra.

O Reitor resposta que a máxima aspiración é que neste plan a participación sexa máxima dende dentro e dende fóra da Universidade.

Punto 4.- Aprobación, se procede, da proposta de premios extraordinarios de fin de carreira.

Cédese a palabra á Secretaria Xeral quen sinala que se trata da aprobación do listado dos premiados propostos pola Xunta de Centro de cada titulación de acordo co previsto no Regulamento de Premios Extraordinarios de Fin de Carreira. En concreto:

CAMPUS DE OURENSE

FACULTADE DE CIENCIAS

Lic. Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos: GONZALO ASTRAY DOPAZO

Lic. En Física: HECTOR GARCÍA TELLADO

Enxeñeiro Téc. Agrícola: SONIA FONSECA BALVÍS

FACULTADE DE HISTORIA

Lic. En Historia: DESERTO

FACULTADE DE DEREITO

Lic. En Dereito: ALBERTINA BLANCO DORADO

FACULTADE CC. EMPRESARIAIS E TURISMO

Dip. en Ciencias Empresariais: DESERTO

Dip. en Turismo: ALEXANDRA SEARA SOBRINO

Lic. Adm. E Dirección de Empresas: RÓMULO CONDE MACHADO

E.S. DE ENXEÑARÍA INFORMÁTICA

Enxeñeiro en Informática: IGNACIO CID GÓMEZ

Enx. Téc en Informática de Xestión: VITOR FERNÁNDEZ DÍAZ

FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN

Mestre Especialidade en Educación Primaria: LAURA BLANCO BOAN

Mestre Especialidade en Educación Especial: DESERTO

Mestre Especialidade en Educación Infantil: ELIA VÁZQUEZ VARELA

Mestre Especialidade en Lingua Estranxeira: LUCÍA MONTEMURRI

Dip. en Educación Social: NATALIA FERNÁNDEZ ESTÉVEZ

Dip. en Traballo Social: DESERTO

Lic. en Psicopedagogía: ANGÉLICA FERRO CID

CAMPUS DE PONTEVEDRA

FACULTADE DE BELAS ARTES

Lic. en Belas Artes: M^a COVADONGA BARREIRO RODRÍGUEZ-MOLDES

FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN E DO DEPORTE

Lic. CC. da Actividade Física e do Deporte: DESERTO

Mestre Especialidade Educación Primaria: MARTA VÁZQUEZ TORRE

Mestre Especialidade Educación Infantil: VANESSA TÁBOAS PAZO

Mestre Especialidade Educación Musical: ISIS ALONSO GONZÁLEZ

Mestre Especialidade Educación Física: ÓSCAR DA SILVA SANTAMARÍA

E.U. DE ENXEÑARÍA TÉCNICA FORESTAL

Enxeñeiro Técnico Forestal, especialidade en Industrias Forestais: DESERTO

FACULTADE DE CC. SOCIAIS E COMUNICACIÓN

Lic. en Publicidade e Relacións Públicas: DESERTO

Lic. en Comunicación Audiovisual: DESERTO

Dip. en Xestión e Administración Pública: ROSA ISABEL MAGDALENA PÉREZ

E.U. DE FISIOTERAPIA

Dip. en Fisioterapia: FRANCISCO JAVIER RAMOS GONZÁLEZ

CAMPUS DE VIGO

FACULTADE DE FILOLOXÍA E TRADUCIÓN

Lic. en Filoloxía Hispánica: DAVID LEMOS GONZÁLEZ

Lic. en Filoloxía Inglesa: PAULA BARGIELA GARCÍA

Lic. en Filoloxía Galega: DESERTO

Lic. en Tradución e Interpretación: ANA GONZÁLEZ BARREIRO

FACULTADE DE BIOLOXÍA

Lic. en Bioloxía: SONIA BLANCO PRIETO

FACULTADE DE QUÍMICA

Lic. en Química: ENRIQUE CARBÓ ARGIBAY

FACULTADE DE CIENCIAS DO MAR

Lic. en Ciencias do Mar: ISABEL RODRÍGUEZ GERMADE

FACULTADE DE CC. EE. EE.

Lic. en Economía: MIGUEL BEA ALONSO

Lic. en Adm. E Dirección de Empresas: DESERTO

E.T.S. DE ENXEÑEIROS INDUSTRIAIS

Enxeñeiro Industrial:

MANUEL ÁNGEL LÓPEZ FERREIRO

RAFAEL COMESAÑA PIÑEIRO

E.T.S. ENXEÑEIROS DE TELECOMUNICACIÓN

Enxeñeiro de Telecomunicación:

ALBERTO ESCOLAR PIEDRAS

E.U. DE CIENCIAS EMPRESARIAIS

Dip. en Ciencias Empresariais: DESERTO

E.U. ENXEÑARÍA TÉCNICA INDUSTRIAL

Enxeñeiro Técnico Industrial: DESERTO

E.T.I. especialidade Electricidade: DESERTO

E.T.I. especialidade Mecánica: DESERTO

E.T.I. especialidade Química Industrial: DESERTO

E.T.I. especialidade Electrónica Industrial: ROBERTO FERNÁNDEZ JARDÓN

E.T.S. DE ENXEÑARÍA DE MINAS

Enxeñeiro de Minas: DESERTO

FAC. DE CC. XURÍDICAS E DO TRABALLO

Lic. en Dereito: DESERTO

Dip. en Relacións Laborais: TANIA BASTÓN VILAS

Apróbase por asentimento.

Punto 5.- Aprobación, se procede, da proposta de premios extraordinarios de doutoramento.

Cédese a palabra a Secretaria Xeral quen expón que se trata de aprobar a asignación de premios extraordinarios de doutoramento propostos polas correspondentes comisións e xa ratificados pola Comisión de Posgrao na súa reunión do 31 de outubro de 2006. En concreto:

Ámbito Científico:

- Premio Extraordinario de Doutoramento pola Universidade de Vigo
Departamento de Bioloxía Vexetal e Ciencias do Solo

Emma Fernández Covelo

Tese dirixida pola Doutora Dona M^a Luisa Andrade Couce

- Premio Extraordinario de Doutoramento en Química

Departamento de Enxeñería Química

Diego Moldes Moreira

Tese dirixida pola Doutora Dona M^a Ángeles Sanromán Braga

- Premio Extraordinario de Doutoramento en Ciencias do Mar

Departamento de Ecoloxía e Bioloxía Animal

Patricia Quintas Pérez

Tese dirixida polo Doutor Don Jesús Souza Troncoso

- Premio Extraordinario de Doutoramento pola Universidade de Vigo

Departamento de Bioloxía Funciona de Ciencias da Saúde

Susana Sangiao Alvarellos

Tese dirixida polo Doutor Don José Luís Soengas Fernández

- Premio Extraordinario de Doutoramento en Bioloxía

Departamento de Ecoloxía e Bioloxía Animal

M^a Felisa Covelo Núñez (Recolle súa nai)

Tese dirixida polo Doutor Don Antonio Gallardo Correa

- Premio Extraordinario de Doutoramento pola Universidade de Vigo

Departamento de Química Órgánica

M^a del Mar Nieto Cid (Recolle súa nai)

Tese dirixida polos Doutores Don José Antonio Álvarez Salgado e Don Félix Fernández Pérez.

- Premio Extraordinario de Doutoramento pola Universidade de Vigo

Departamento de Enxeñería dos Recursos Naturais e Medio Ambiente

Susana Boso Alonso (Recolle súa Directora de Tese Doutora D^a M^a del Carmen Martínez Rodríguez)

Ámbito Humanístico:

- Premio Extraordinario de Doutoramento en Filoloxía Inglesa

Departamento de Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemana

Eugenio Guillermo Iglesias Díaz

Tese dirixida pola Doutora Dona Isabel Carrera Suárez

- Premio Extraordinario de Doutoramento pola Universidade de Vigo

Departamento de Lingua Española

Susana Rodríguez Barcia

Tese dirixida polo Doutor Don Miguel Ángel Esparza Torres

Ámbito Tecnolóxico:

- Premio Extraordinario de Doutoramento pola Universidade de Vigo

Departamento de Física Aplicada

M^a Inés Álvarez Fernández

Tese dirixida pola Doutora Dona María Teresa de Castro Rodríguez

- Premio Extraordinario de Doutoramento pola Universidade de Vigo

Departamento de Enxeñería Química

Begoña González de Prado

Tese dirixida polos Doutores Don José Tojo Suárez e Dona Ángeles Domínguez Santiago
Premio Extraordinario de Doutoramento pola Universidade de Vigo

Departamento de Física Aplicada

Higinio González Jorge

Tese dirixida polos Doutores Don Gerardo Domarco Álvarez e Don José Peleteiro Salgado
- Premio Extraordinario de Doutoramento en Química

Departamento de Enxeñería Química

M^a Remedios Yáñez Díaz (Desculpa súa asistencia)

Tese dirixida polos Doutores Don Juan Carlos Parajó Liñares e Don José Luís Alonso González

Ámbito Xurídico-Social:

- Premio Extraordinario de Doutoramento en Administración e Dirección de Empresas

Departamento de Organización de Empresas e Marketing

Ana Isabel Gueimonde Canto

Tese dirixida polo Doutor Don José Manuel García Vázquez

- Premio Extraordinario de Doutoramento pola Universidade de Vigo

Departamento de Matemáticas

Guadalupe Fugarolas Álvarez-Ude (Recolle a profesora Dona Amelia Verdejo Rodríguez)

Tese dirixida polos Doutores Don Carlos Hervés Veloso e Dona Emma Moreno García

- Premio Extraordinario de Doutoramento en Dereito

Departamento de Dereito Público Especial

Marta Elvira García Mosquera

Tese dirixida polo Doutor Don Javier de Vicente Remesal

- Premio Extraordinario de Doutoramento en Dereito

Departamento de Dereito Público

Pablo Grande Seara

Tese dirixida polo Doutor Don Marco Antonio Villagómez Cebrián

Apróbase por asentimento.

Punto 6.- Aprobación, se procede, de comisións de servizo.

Cédese a palabra ó Vicerreitor de Profesorado quen expón que se trata da solicitude de autorización da continuidade en comisión de servizos da profesora María Isabel Doval Ruíz como Subdirectora Xeral de Universidades (na Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia) e que a mesma conta cos informes favorables do Departamento de Didáctica, Organización Escolar e Métodos de Investigación e da COAP reunida o pasado 16 de xaneiro de 2007.

Apróbase por asentimento.

Punto 7.- Aprobación, se procede, da proposta do plan de desgravacións docentes no POD.

Cédese a palabra ó Vicerreitor de Profesorado quen expón as liñas básicas do Plan de desgravacións docentes no POD de acordo co **anexo 2**.

Ábrese seguidamente unha quenda de intervencións:

A profesora González Vázquez pregunta ó Sr. Vicerreitor por qué se asignan 1,5 créditos de desgravación ós centros nos que se imparte un POP pois para ela iso carece de sentido.

O vicerreitor contesta que un POP repercute en gran medida no centro que ten que xestionar e organizar os horarios, aulas e dar o seu apoio ó mesmo.

A profesora González Vázquez reitera o seu desacordo coa desgravación ós centros sinalando que, en relación ós POPs, so ten razón de ser que desgrave o coordinador do mesmo. Fai referencia tamén á non inclusión entre as actividades que poden desgravar créditos no POD, á dirección do DEA.

O Vicerreitor contesta que no plan de desgravacións recóllense una serie de liñas que se teñen priorizado por motivos orzamentarios, ademais o doutoramento é o último bienio que se oferta e as liñas que aquí se aportan deben ter certa continuidade.

O profesor Legido critica o plan de desgravacións porque é un sistema de política fiscal e non de política de persoal docente e investigador, non debéndose perpetuar o sistema de desgravación actual.

O profesor Berrocal defende a mesma postura que o profesor Legido. Primeiramente fai unha crítica a nivel global porque entende que este é un tema moi importante e bota de menos o diálogo cos decanos, directores de departamento e tamén na COAP.

Considera o profesor Berrocal que o concepto de desgravación é insultante porque non se trata de perdoar docencia senón de que se compute no POD todo o que o profesor fai a nivel global (docencia, investigación e xestión), con independencia de que iso supoña ou non custo de profesorado porque se despois non hai diñeiro iso é outra cuestión. Critica despois que a docencia nos POPs non compute no POD o mesmo que a dirección dos DEAs. No relativo á participación no EEES critica que a desgravación sexa para o Decano e non para o profesor que imparte a docencia. Deste xeito non se apoia ós que fan o traballo senón ós equipos de goberno, de libre designación.

O profesor Rodeiro sinala que se fala de prioridades pero que non está claro cales son exactamente. O Vicerreitor tivo una xuntanza cos Decanos pero sería tamén necesario coñecer as opinións dos Directores de Departamento. Este reflexa que o equipo de goberno apoia máis ós Decanatos que ós Departamentos. Considera o profesor Rodeiro que as desgravacións son para persoal de libre designación e bota en falta ós Departamentos no listado de actividades e desgravacións. Seguidamente pregunta ó Vicerreitor dúas cousas: se ten falado cos Directores de Departamento e que tipo de exame fixo para calcular as desgravacións por cada actividade.

O profesor Muñoz expón que cando teñamos plan estratéxico poderase facer unha análise clara de toda a actividade de cada profesor pero neste plan de desgravacións hai sinais de que as cousas se están facendo por onde teñen que ir: EEES, POPs, prácticas en empresas, intercambio de estudantes, grupos de investigación. Non lle gusta e así quedou claro na reunión cos Decanos que soben todas as desgravacións excepto ós Secretarios de Centro que baixan. Non entende a razón desta baixada e tendo en contra o traballo dos Secretarios, pide o mantemento dos 6 créditos de desgravación.

O Vicerreitor de Profesorado procede a contestar todas as observacións suscitadas. Considera, en primeiro termo, que sería desexable unha política global pero debe irse paso a paso e neste momento estase dando o primeiro e ademais cúmprese un compromiso electoral, neste momento non é posible saber a priori todas as actividades dos profesores. No que respecta ó cómputo da docencia dos POPs, non se fará a efectos de POD, pero si na folla de servizos do profesor. Tamén resposta o Vicerreitor á falta de negociación dos Directores de Departamento sinalando que a elaboración do POD ten os seus tempos marcados e a maneira máis rápida de chegar a todos era a través dos Decanos. Para as etapas seguintes xa se falará noutros ámbitos. No relativo ó método para medir as desgravacións, considera que o máis doado é a través dos centros. Por último, no que respecta á baixada da desgravación dos Secretarios dos Centros de 6 a 4,5 créditos sinala que corresponde ós Decanos manter as cousas como están se o estiman oportuno.

Intervén o profesor Vidal para pór de manifesto que o vicerreitor de Profesorado non contestou tres cuestións: primeiro, o cálculo de 1.000 euros por crédito coa correspondente degradación da Universidade, segundo, a desgravación por dirección do DEA e terceiro, a asignación de 1,5 créditos de desgravación á dirección do Centro cando ten máis que ver cos Departamentos.

O Vicerreitor responde que, en relación coa primeira cuestión, é un compromiso electoral o establecemento de liñas de apoio ós grupos de investigación. Do que se trata é de adiantar a posibilidade para os grupos que xa teñan un contrato programa, pero é algo transitorio. En canto a degradación da docencia isto é algo común ás desgravacións. A segunda cuestión, a desgravación por dirección do DEA non está incluída nas liñas preferentes debido unicamente a unha cuestión de orzamento. Na terceira e última cuestión insiste o Vicerreitor no traballo que supón para os Centros a xestión dun POP.

Seguidamente intervén o Reitor quen repasa todas as liñas novas que non tiñan apoio antes: os POPs, a adaptación ó EEES o intercambio de estudantes, as prácticas en empresas, os grupos de investigación de referencia e os investigadores principais dos proxectos europeos consolidar. Todas as outras liñas que constan no plan xa tiñan apoio aínda que fose incompleto. Non supón isto que haxa una satisfacción total coa situación do DEA ou cos proxectos fin de carreira, por iso, existe un compromiso de revisar todo o ano que ven. Cousa distinta é que se discuta a maior, como di o profesor Legido, pero a situación é esta. Manifesta o Sr. Reitor o seu desacordo coas seguintes cuestións que se suscitaron por distintos membros do Consello de Goberno: os POPs supoñen para os centros onde se imparten un esforzo importante, de aí a necesidade de establecer desgravacións para os equipos directivos; a redución da desgravación para os Secretarios dos Centros non supón necesariamente que isto sexa así porque o Decano pode repartir a bolsa de créditos que se lle outorga como considere máis axeitado; a referencia ós 1.000 euros por crédito, é unha demanda reiterada de 45 grupos de investigación que argumentan que o que necesitan non é diñeiro senón que piden certa flexibilidade para cubrir as súas necesidades.

O profesor Legido intervén novamente para sinalar que a súa postura non vai porla vía marcada polo Reitor e adianta que non dará o seu apoio a este plan e, polo tanto, o seu voto será negativo. Considera que estamos ante un tema de política xeral que supón unha estrutura complexa, na que, por exemplo entende que a Secretaria Xeral ten actividade a tempo completo.

Procédese á votación:

Votos a favor do Plan de desgravacións: 26.
 Votos en contra do Plan de desgravacións: 6
 Abstencións: 4

Apróbase por maioría.

Punto 8.- Resolución do recurso de alzada contra a non admisión a trámite da solicitude de avaliación curricular presentada polo alumno da E.U. de Estudos Empresariais D. Ramón González Sanz, na materia Matemáticas (306 011 106).

Cédese a palabra ó Vicerreitor de Profesorado quen sinala que a COAP na súa reunión do pasado 16 de xaneiro, informou favorablemente a dito recurso, susténtase no feito de que a cualificación media do alumno na materia supera a nota de corte que a COAP establece en función da porcentaxe de aprobados da mesma nos cinco últimos cursos.

Apróbase por asentimento.

Punto 9.- Corrección de erros en documento orzamentario.

Cédese a palabra á Vicerreitora de Economía que manifesta que nos recadros correspondentes ó subconcepto 229.03 (Delegación de alumnos) e o concepto 230 (Axudas custes de locomoción) os importes totais para estas partidas que figuran no anexo do documento orzamentario aprobado con data 13 de decembro de 2006 son correctas, pero os importes que figuran para cada centro está equivocados debido a un erro de transcripción. Achégase como **anexo 3** un novo cadro cos importes correctos nestas partidas para cada centro.

O profesor Legido intervén para preguntar por qué aparece a Facultade de Ciencias de Vigo, cando son varios centros.

O profesor Ortiz resposta que a efectos orzamentarios é un centro único para determinadas partidas.

Apróbase por asentimento.

Punto 10.- Proposta de modificacións puntuais da RPT do PAS funcionario.

Cédese a palabra ó Vicexerente quen expón o contido da modificación da RPT de acordo co que se recolle no **anexo 4**.

Intervén o Sr. Cebro, como presidente da Xunta de Persoal funcionario para dar o seu apoio ós compañeiros do PAS laboral, avogando pola resolución do conflito a través do diálogo. Seguidamente dá unha explicación de cada unha das propostas de modificación da RPT: a praza para secretaría do Tribunal de Garantías, a praza para os departamentos H03 e H11, o cambio de denominación do Responsable de Asuntos Económicos da ORI e os postos base apoio para os campus de Ourense e Pontevedra.

Intervén o Sr. Torres Vázquez para adiantar o voto positivo para este punto e o seguinte.

Apróbase por asentimento.

Punto 11.- Aprobación, se procede, do acordo adoptado coa Xunta de PAS funcionario o pasado día 21 de decembro de 2006 en materia de produtividade, calidade e mellora dos servizos universitarios.

Cédese a palabra ó Vicerexerente quen expón as liñas básicas do acordo que se recolle no **anexo 5**.

Intervén o Sr. Cebro dicindo que isto é parte do acordo de Consello de Goberno de 2005 e 2002.

Apróbase por asentimento.

Punto 12.- Aprobación, se procede, da convocatoria de axudas de Extensión Universitaria para o ano 2007.

Cédese a palabra á Vicerreitora de Extensión Cultural e Estudantes, quen expón as directrices xerais da convocatoria de Axudas de Extensión Universitaria para o ano 2007, aprobada pola Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes na súa sesión de 15 de xaneiro de 2007, de acordo co recollido no **anexo 6**.

Apróbase por asentimento.

Punto 13.- Aprobación, se procede, do Regulamento disciplinario sobre participación en competicións externas.

Cédese a palabra á Vicerreitora de Extensión Cultural e Estudantes quen expón as liñas xerais do Regulamento disciplinario sobre participación en competicións externas, aprobado pola comisión de Extensión Universitaria e Estudantes na súa sesión de 15 de xaneiro de 2007, de acordo co recollido no **anexo 7**.

Apróbase por asentimento.

Punto 14.- Aprobación, se procede, do Regulamento para a seleccións de deportistas e equipos representativos da Universidade de Vigo en competicións universitarias.

Cédese a palabra á Vicerreitora de Extensión Cultural e Estudantes quen expón as liñas xerais do Regulamento para a seleccións de deportistas e equipos representativos da Universidade de Vigo, aprobado pola Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes na súa sesión de 15 de xaneiro de 2007.

O profesor Muñoz intervén para preguntar se debería incluírse aquí a validación de créditos de libre elección para actividades deportivas.

A Vicerreitora reposta que isto deberá preverse no Regulamento de libre elección. Tómase nota para o estudio de tema.

O Sr. Torres intervén para preguntar polos criterios empregados para a elección da comisión de reclamación que figura neste Regulamento, posto que non aparece ningún representante do PAS.

A Vicerreitora resposta que as persoas que forman parte da comisión coñecen o procedemento nesta materia. Ó que replica o Sr. Torres que non son representantes do PAS.

O profesor Rodríguez Fuentes propón que no lugar onde figura o técnico do servizo de deportes, se poña representante do PAS.

A vicerreitora solicita que no título se retire a referencia ó curso académico 2006-2007 posto que no só é para este curso académico.

Apróbase por asentimento con esas dúas correccións o Regulamento para a seleccións de deportistas e equipos representativos da Universidade de Vigo en competicións universitarias (**anexo 8**).

Punto 15.- Toma de acordo ante o recurso de alzada presentado por D. Horacio Villar Suárez contra o acordo da Xunta Electoral da Facultade de CC da Educación e do Deporte de data 28-11-06.

Cédese a palabra á Secretaria Xeral quen fai un breve resumo do asunto, sinalando que trátase dunha reclamación á composición do censo electoral no sector do PAS para a elección de Decano da Facultade Ciencias da Educación e do Deporte. En concreto, considera o recorrente que os Srs. Barreiro García e Morquecho Barral, persoal da Biblioteca, están indebidamente incluídos no censo en canto xa non prestan servizos na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte, senón na Biblioteca Central do Campus de Pontevedra. Por ese motivo solicita que se anule o censo definitivo e todas as actuacións posteriores.

A proposta de resolución de recurso que se fai, de acordo co respectivo informe da asesoría xurídica, é desestimar o recurso por entender que o proceso electoral ten sido realizado con todas as garantías en canto neste momento e segundo a RPT actualmente vixente os Srs. Barreiro García e Morquecho Barral están funcionalmente adscritos á Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte e, polo tanto, seguen mantendo a súa condición de membros da Xunta de Facultade dese centro, estando correctamente incluídos no censo de electores..

Intervén o Sr. Villar que agradece que se lle permita intervir na sesión e seguidamente expón a súa argumentación favorable á estimación do recurso presentado, xa exposta na documentación que se xuntou ós expediente e baseada no feito de que os Srs. Barreiro García e Morquecho Barral, persoal de Biblioteca, están indebidamente incluídos no censo en canto xa non prestan servizos na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte, senón na Biblioteca Central do Campus de Pontevedra. Ademais, critica o procedemento de supresión da Biblioteca da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte que non respectou a normativa vixente da Universidade.

O Sr. Mollinedo sinala que do que se trata é de ir en contra da representación do PAS e recorda o dereito que ten este colectivo de estar representado en tódolos órganos de goberno da Universidade.

Intervén o profesor Cid para sinalar que a normativa electoral prevé que o persoal que presta servizos en dous lugares pode elixir onde quere estar.

O Sr. Villar agradece novamente que se lle permita falar nesta sesión e pide que non se lle xulgue na súa actuación senón que se resolva o recurso.

O Sr. Torres ve unha merma na representatividade do PAS e anuncia o seu voto en contra da estimación do recurso.

Procédese á votación:

Votos a favor de desestimar o recurso: 23

Votos a favor de estimar o recurso: 0

Abstencións: 6.

Acórdase por maioría desestimar o recurso presentado polo Sr. Villar.

O Sr. Villar diríxese á porta pero antes de saír entre el e o Sr. Mollinedo se dirixen algunhas verbas en ton bastante elevado e o Sr. Mollinedo pide que conste en acta que o Sr. Villar lle está ameazando. O Sr. Reitor pide tranquilidade. Finalmente, o Sr. Villar sae da sala.

Punto 16.- Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as Universidades galegas para o desenvolvemento das infraestruturas científico-tenolóxicas e servizos xerais de apoio á investigación – de colaboración coa Consellería de Educación e as Universidades galegas, para a adaptación ao EEES – Addenda ao convenio de colaboración coa Xunta de Galicia, o CESGA e as Universidades galegas, para a renovación do convenio de creación do Consorcio de bibliotecas Universitarias de Galicia – Acordo de Colaboración coa Consellería de Innovación e Industria e as Universidades galegas, para o reparto do fondo de apoio á investigación do exercicio 2006 – de colaboración coas Universidades galegas, a Fundación de los Ferrocarriles Españoles, o Concello de Monforte de Lemos, RENFE-Operadora e AMAFER – Acordo de financiamento dos complementos retributivos autonómicos de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora, e de recoñecemento polos cargos de xestión – Acordo de colaboración coas Universidade de Alicante, Girona, Oviedo, Illes Balears, La Laguna, Sevilla, Zaragoza, Rovira i Virgili, Santiago de Compostela, A Coruña, Barcelona, Alcalá e Málaga.

Apróbanse por asentimento.

Punto 17.- Eleccións para cubrir as seguintes vacantes en Comisións Delegadas do Consello de Goberno: Planificación e Asuntos Económicos (1 PDI-A), Organización Académica e Profesorado (1 PDI-A) e Investigación (1 estudante).

Cédese a palabra á Secretaria Xeral quen sinala que tanto na comisión de Planificación e Asuntos Económicos como na de Organización Académica e Profesorado hai unha praza vacante

polo sector de PDI-A, e nos dous casos tense presentado 1 só candidato, isto fai innecesaria a votación.

Os novos membros das comisións son:

- Comisión de Planificación e Asuntos Económicos: Fermín Pérez Losada.
- Comisión de Organización Académica e Profesorado: Alberto Pena Rodríguez.

Na comisión de Investigación hai unha praza vacante polo sector de Estudantes e non habendo candidatos presentados queda vacante.

Punto 18.- Rogos e preguntas.

Intervén o profesor Legido para solicitar que conste en acta o seu agradecemento pola colaboración na organización do acto homenaxe ó profesor Tojo, ó Reitor, á Secretaria Xeral, ós Decanos da Facultade de Ciencias e ó profesor Rodríguez Vázquez.

Ademais pide información sobre un escrito da Xunta de Galicia dirixido ás Universidades sobre incendios forestais, de data 5 de decembro de 2006, no que se pide ós investigadores que fagan algún tipo de achega sobre o tema, porque o coñecemento sobre este tema o ten dende a Universidade da Coruña.

Tómase nota sobre o tema.

O Sr. Torres lamenta que non se lle deixara falar antes e que, pese a que a súa intención era falar do uso do correo electrónico na Universidade, considera máis importante falar da situación do PAS laboral, que está nunha situación moi complicada e suxire ó Reitor que reciba ó comité de folga porque iso pode supoñer un acto de vontade que pode ser ben valorado.

O Sr. Mollinedo do mesmo xeito que o seu compañeiro pide ó Sr. Reitor que se implique máis para acadar un acordo.

O profesor Legido dá o seu apoio ó Reitor e ó persoal para que cheguen a un acordo que será apoiado en todo caso por eles.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:45 horas do día 23 de xaneiro de 2007 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e prace do Reitor

O Reitor

A Secretaria Xeral

Alberto Gago Rodríguez

Esther M^a González Pillado